

## IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

### COMISIÓN PARITARIA DE XANEIRO “ Quen moito abarca, pouco aperta”

#### Grupos de Traballo de Xubilación Parcial, Complementos RTC, troco de Réxime Xurídico e Traslados e Negociadora do V Convenio Único.

Estas dúas semanas tivemos reunións da Permanente, a COPA e de todos os Grupos de Traballo dela dependentes e tamén da Negociadora do V Convenio. O resumo sería; moita actividade e case ningún avance.

Na COPA seguimos coa mesma dinámica de asignación de complementos, iso si, os que a Función Pública lle da a gana, e sen ter en conta as propostas e necesidades dos ministerios. Desde a CIG instamos ó resto de organizacións sindicais a plantarnos ante este abuso dunha parte da Administración e reclamar que se cumpra o Convenio, pero permiten e calan.

Función Pública e o resto de sindicatos tamén ratificaron un acordo polo que se crean tres áreas temáticas para realizar as convocatorias e clasificar ó persoal do Grupo E0 ( persoas con discapacidade intelectual) e que nos denunciámos que vulnera o IV Convenio, xa que este contempla un procedemento específico para a creación de especialidades que decidiron non usar e que supón unha discriminación para estas persoas que verán limitada a súa mobilidade e acceso o emprego por ter unhas perores condicións de traballo ás do resto do persoal do Convenio.

Na reunión de decembro dixerón que xa dispoñían dos datos da masa salarial de 2024 e 2025, precisa para poder aplicar as subas salariais nas retribucións complementarias, pero tal e como nos avanzamos na anterior nota , aínda non teñen nin idea de cando nos van a facer a actualización e pagar os atrasos. Outro indicio máis da parálise de Función Pública.

Con respecto ós Grupos de Traballo:

- **Concurso aberto e permanente;** Segundo eles en febreiro resolveran a terceira edición de 2025 e de xeito inmediato convocarán a primeira de 2026. Neste primeiro trimestre tamén está previsto a convocatoria da primeira edición do concurso do anexo II do ano 2025. Desde a CIG insistimos na idoneidade de dar prioridade ós postos con complementos.
- **Cambio de réxime xurídico;** Resulta paragórico a compracencia da Administración e do resto de sindicatos cun proceso que xa esgotou todos os prazos( van xa máis de catro anos da aprobación do acordo) e no que só tomaron posesión as persoas que superaron a primeira convocatoria do Grupo 4G. Temos compañeiras e compañeiros do 3G que levan cerca dun ano esperando pola toma de posesión e algúns que xa se xubiláron mentres esperaban. Isto si que é celeridade
- **Complementos RTC;** continuamos cos traballo para acordar uns criterios para a asignación dos complementos RTC. Aquí si temos algún avance e esperamos que neste primeiro trimestre queden claros cales son os criterios que os ministerios terán que ter en conta para a futura asignación desta tipoloxía de complementos.
- **Xubilación parcial;** aquí seguen enredando. Nos solicitamos reiteradamente información, sen resposta, sobre o estado de tramitación das convocatorias da oferta extraordinaria vinculada á xubilación parcial e demos traslado por escrito da nosa proposta sobre as condicións nas que se podería xubilar parcialmente o persoal. Todo o están estudando pero non hai nada en firme.

No referido á negociación do V Convenio, máis do mesmo. Seguimos traballando sobre aspectos importantes, pero secundarios do texto, con cambios continuos de opinión por parte da Administración e con moi poucos avances. Desde a CIG volvemos a insistir en que é preciso abordar aspectos primordiais como as retribucións, carreira profesional... xa que son tamén os que determinarán o resto do convenio.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota